

**Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA. ISIDORO MARTÍNEZ ARCA**

ASUNTO: Alegacións ao acordo do 2024-11-14 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

Ante a publicación no DOG do 22 de novembro do anuncio relativo ao acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL, D/Dª.....

maior de idade, actuando en nome propio, con DNI....., e domicilio a efectos de notificación en, fai constar as seguintes **ALEGACIONES:**

1.-O proxecto en exposición pública é , no esencial, idéntico ao presentado en agosto de 2017 e que recibiu unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable en xaneiro de 2020. Por iso, e en aplicación do artigo 39.4c) da Lei 21/2013 de Avaliación ambiental:

c) Si ya hubiese inadmitido o ya hubiese dictado una declaración de impacto ambiental desfavorable en un proyecto sustantivamente análogo al presentado.

Procede resolver a inadmisión do proxecto, porque xa se ditou unha resolución de impacto ambiental desfavorable para un proxecto sustantivamente análogo ao agora presentado.

2.-O desenvolvemento do proxecto tería fortes implicacións para o territorio, entre outros

- **Implica a desaparición de partes de cursos de auga** como do rego do Burgo e do rego Pucheiras, así como a **desaparición completa do principal afluente do Pucheiras** que quedará sepultado polo depósito de estériles 1.

- **Implica a desaparición de mananciais, pozos e traídas que abastecen á poboación e granxas** da contorna da mina (Arinteiro, Os Bravos, A Goleta etc.). Poden verse afectados outros mananciais próximos.

-**Implica dous enormes depósitos de estériles de mina á beira das casas:** un primeiro depósito de estériles de 80 metros de altura e máis de 3 km. de lonxitude con capacidade para 34 Mt de residuos e que ocuparía unhas 125 Ha., e outro depósito nas cortas de Arinteiro e Vierio con capacidade para 69Mt e cunha superficie de unhas 95 Ha. Ambos sitúanse a uns 200 metros da aldea de Arinteiro que queda completamente encaixada entre eles.

Ambos teñen categoría A, a máis alta, dacordo á perigosidade dos residuos que encapsulan, e ambas irán impermeabilizadas cun material de apenas milímetros de espesor: calquera fisura nesa lámina provocará filtracións ácidas ao terreo e contaminación das augas, como sucede hoxe en día co vello depósito de estériles da mina dos anos 70-80. Garantir que isto non vai ocorrer, que se pode selar perfectamente dous recintos dunhas 100 Ha cada un, recubrindoos cunha lámina de milímetros de espesor non semella en absoluto realista.

En caso de falla a súa perigosidade é moi alta, no anexo PR27_Anexo 26_INFORME IGME-CSIC SOBRE DEP1 indícase:

“El DEP1 se clasifica como MUY ALTA por consecuencia de fallo de la presa pues el potencial de población potencialmente en riesgo en caso de una falla catastrófica sería entre 10-100. Es MUY ALTA para el criterio de diseño de rebalse o sobrepaso y MUY ALTA para el criterio sísmico de diseño”. O IGME recomenda realizar un estudo de perigosidade sísmica para un período de retorno de 10.000 anos, corrixir os cálculos de estabilidade xeotécnica a partir dos resultados da caracterización dos materiais NAG e revisar a comprobación de valores das estimacións feitas para a deformación do dique xa que se basean en xenéricos atopados na literatura dispoñible.

-Implica a perda da base territorial das granxas da contorna, e de fincas de monte que complementan a economía de moitos propietarios. No proxecto indícase que só 330 das 812¹ hectáreas están afectadas pola mina dos 70-80, as outras 482 son actualmente montes e prados. Pódese comprobar no DOG do 22 de novembro de 2024, no que saía o anuncio da exposición pública do proxecto, a interminable listaxe de parcelas e propietarios afectados.

-Implica voaduras practicamente diarias que perturbarán o benestar da poboación e dos animais das granxas e que poden causar danos nas vivendas e infraestruturas da zona, como ocorreu coa mina dos 70-80. Prevense ata 694 voaduras dunhas 10 toneladas de explosivo e 1380 voaduras de máis de 16 toneladas de explosivo

-Implica un aumento do tráfico con vehículos pesados e turismos polas estradas da zona: *“la actividad generará un tráfico inducido con una intensidad máxima de 21 vehículos pesados y 434 vehículos ligeros por sentido y día”.* Cabe destacar que a mina funcionaría ininterrompidamente polo que se incrementará o tráfico as 24 horas.

-Implica que a ruta do Camiño francés situarase a apenas 2km da explotación mineira, sendo ademais O Pedrouzo final de etapa e lugar onde pernoitan actualmente moitos peregrinos . O ruído, o tráfico, o pó e partículas en suspensión e a degradación da paisaxe non parecen unha boa carta de presentación ante os miles de peregrinos que nos visitan cada ano. Pola súa parte a ruta Eurovelo 3 ou o Camiño holandés pasarían directamente polo límite da explotación mineira e coincidiría co acceso Sur á explotación co conseguinte perigo para os ciclistas debido ao tráfico. Cabe recordar que o Icomos² xa se pronunciou negativamente ante este proxecto:

“La explotación minera supondría, por consiguiente, tanto la inoperatividad del entorno de protección legalmente delimitado como la destrucción de vestigios materiales del Camino de Santiago protegidos patrimonialmente (a nivel autonómico, estatal e internacional), contraviniendo la legislación -nacional e internacional- vigente en la materia. También conllevaría una grave alteración de sus valores inmateriales, derivados de una estrecha unión entre cultura, naturaleza y espiritualidad, que es la esencia del Camino, que se verían fuertemente mermados por la introducción de una industria de gran impacto ambiental y sensorial, por completo ajena a la vocación cultural y espiritual del Camino”

-Implica un empeoramento da calidade do aire e unha afección á saúde da xente, polo pó e as partículas en suspensión procedentes das voaduras, movementos de material, trituración...que afectará á poboación da zona. Así se pon de manifesto nun recente estudo da Universidade de Granada³

¹ A cifra de hectáreas afectadas podería ser superior ás 812 (ver alegación 7)

² <https://static.ecestaticos.com/file/a5d/322/516/a5d322516717dc4d598c1439fa478cf1.pdf>

³ <https://canal.ugr.es/noticia/una-investigacion-de-la-ugr-revela-el-efecto-de-los-elementos-toxicos-en-los-suelos-urbanos-de-la-region-minera-de-riotinto/>

“[...]sobre la salud de los habitantes de Minas de Riotinto: una estimación de la exposición de la población a estos elementos ha mostrado que potencialmente es suficientemente alta para causar efectos tóxicos crónicos, especialmente en niños, incluyendo efectos carcinogénicos. Esto se confirmó mediante la comparación de las tasas de cáncer en esta región con las de Aracena, siendo las de Minas de Riotinto significativamente más altas para ciertos cánceres de las vías respiratorias como labio, boca, faringe, bronquios o pulmón.”

Á vista dos estudos científicos chama a atención que os este efecto sexa avaliado como “impacto significativo e moderado” dentro do estudo de integración paisaxística (EIIP_BIS_ESTUDIO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAJÍSTICA)

-**Implica un incremento do ruído** (perforación e voaduras, arranque e carga, movemento de maquinaria, labores de beneficio, tráfico...durante as 24 horas), que provocarán un empeoramento na calidade de vida da veciñanza e estrés para os animais das granxas.

Novamente chama a atención que este efecto sexa avaliado como “impacto significativo e moderado” dentro do estudo de integración paisaxística (EIIP_BIS_ESTUDIO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAJÍSTICA)

-**Implica a emisión de miles de toneladas de CO2 e gases de efecto invernadoiro** á atmosfera: 752.157 toneladas de CO2 equivalente durante os 13 anos de explotación, o que significaría unhas 57.858 toneladas emitidas anualmente, unha cifra que multiplica por 10 as emisións actuais,segundo os cálculos da propia empresa.


É unha cantidade moi significativa que está na orde doutros grandes emisores como ENCE(77.600)⁴ ou as : 60.000 toneladas que tería o proxecto GAMA (Altri)⁵no caso de implantarse ano: o equivalente a 21.000 coches circulando 20.000 km por ano

3.-Indícase que a mina revertería a perda de poboación, pero tanto a análise dos datos dos nosos propios concellos cando a mina dos anos 70-80 estivo aberta, como a de outros concellos semellantes indícanos que non é así

Ambos concellos xa dispuxeron dunha mina de cobre a ceo aberto de características semellantes á que se pretende implantar e as cifras históricas de poboación nesas décadas amósannos a evolución contraria á pretendida: as caídas de poboación son máis suaves unha vez rematada a actividade mineira:

Poboación					
	Galicia	A Coruña	Arzúa comarca	O Pino	Touro
1970	2.676.403	1.030.745	28.960	6.840	6.657
1991	2.731.669	1.096.966	20.325	5.281	5.029
2011	2.795.422	1.147.124	17.364	4.743	4.082
% variación 1991/1970 (mina de 1972 a 1986)	2,1%	6,4%	-29,8%	-22,8%	-24,5%
% variación 2011/1991	2,3%	4,6%	-14,6%	-10,2%	-18,8%

Fonte:IGE-INE
Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes




⁴ <https://ogacli.org/grandes-emisores/>

⁵ <https://www.publico.es/sociedad/altri-admite-emitira-co2-21500-coches.html>

Así, nos 20 anos que van de 1970 a 1991, nos que estivo a mina en funcionamento de 1972 a 1986, a perda de poboación é máis acusada (-29,8% para a comarca de Arzúa, -22,8% para o concello do Pino e -24,5% para o concello de Touro), que nos seguintes 20 anos, de 1991 a 2011, nos que xa non estaba a mina (-14,6% para a comarca de Arzúa, -10,2% para O Pino e un -18,8% para Touro).

Se miramos a nosa contorna sucede o mesmo, por exemplo Belmonte de Miranda, un concello asturiano onde se asenta a mina de ouro (e cobre) de El Valle-Boinás, pódese observar que dende a súa posta en marcha no 96 perdeu máis dun 40% de poboación...e iso coa mina en funcionamento!

Evolución poboación Belmonte de Miranda							
	1996	2001	2006	2011	2016	2021	2023
Belmonte	2.456	2.265	1.957	1.715	1.597	1.437	1.399



Lonxe de ser a solución ao reto demográfico, as conchas mineiras soen ser terreo abonado para o despoboamento, como recolle a prensa en numerosas ocasións. Así, As Pontes é o concello galego con máis núcleos poboacionais abandonados⁶, e tres de cada catro habitantes que perdeu Asturias no que vai de século son das zonas mineiras.⁷:

Polo tanto, un proxecto mineiro destas características non palía, non revirte, non contribúe á mellora demográfica.

4.- Utilízanse os datos de 2021, en plena pandemia COVID e absolutamente desfasados para medir o estado da economía en canto a PIB e emprego

A análise EsIA35_Anexo 33_ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DEL PROYECTO non ten ningunha validez posto que utiliza os datos de fai 3 anos en plena pandemia do COVID, con moitos traballadores en ERTE ou confinados e grandes problemas de subministros na economía.

Así, en vez da caída da que se fala no estudo, o dato do PIB de 2022 é un 13,5% superior ao dato que había en 2019, amosando que a caída nos anos do COVID foi conxuntural. E en vez dunha taxa de paro do 13% para Galicia (158.000 desempregados) ofrecida no estudo, en realidade sitúase no terceiro trimestre de 2024 no 8,8% para Galicia con 112.500 desempregados, segundo a enquisa de poboación activa (EPA)⁸ E na provincia da Coruña baixa ao 7,8%.

Nos concellos de Touro e O Pino non hai dato EPA, pero podemos facer unha aproximación empregando os datos do paro rexistrado⁹ (106 persoas en O Pino e 105 en Touro en outubro de 2024) e dos afiliados á Seguridade social¹⁰ (2025 para O Pino e 1318 para Touro en outubro de 2024). Isto conduciríanos a unhas taxas de paro aproximadas de 4,9% para O Pino e do 7,4% para Touro. Para garantir a comparabilidade, o dato para Galicia calculado coa mesma metodoloxía sería do 10,2%. Polo tanto o paro nos nosos concellos é residual, é moi inferior á media galega.

⁶ <https://www.lne.es/cuencas/2019/01/07/tres-cuatro-habitantes-asturias-perdio-18561183.html>

⁷ https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2018/03/08/as-pontes-capital-aldeas-vacias/0003_201803G8P7992.htm

⁸ [https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6363&R=3\[all\]&C=T\[1:las t\];1\[all\]&F=2:0&S=998:12&c=0204031014](https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6363&R=3[all]&C=T[1:las t];1[all]&F=2:0&S=998:12&c=0204031014)

⁹ [https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204036001&paxina=001&idioma=es&ruta=verTabla.jsp?COD=744&R=9915\[n0:15066:15085\]&C=4\[202410\]&F=1:0;2:0&OP=1&B=1](https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204036001&paxina=001&idioma=es&ruta=verTabla.jsp?COD=744&R=9915[n0:15066:15085]&C=4[202410]&F=1:0;2:0&OP=1&B=1)

¹⁰ [https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=4556&R=9915\[all\]&C=T\[1:0\];3\[all\]&F=&S=&c=0204033002](https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=4556&R=9915[all]&C=T[1:0];3[all]&F=&S=&c=0204033002)

Cabe preguntarse se realmente a empresa non ten nada máis actualizado que presentar ou lle interesa dar esa imaxe de declive e decadencia. Polo tanto, a situación que describe o EsIA35_Anexo 33_ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DEL PROYECTO reflexa a realidade de fai case 4 anos no medio dunha pandemia, é completamente inválido para analizar a situación hoxe en día.

5.- O Proxecto indica (pero non xustifica) a creación de 421 postos de traballo directos e 1621 indirectos e inducidos.

Na páxina 17 do EsIA35_Anexo 33_ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DEL PROYECTO indícase que se *“considera la utilización del MIOGAL2011 como el mejor método para evaluar el posible impacto económico de la actividad minera en los concellos donde se implantará y en toda Galicia.”*

Na páxina 26 indícase que *“las principales fuentes utilizadas han sido el Marco Input-Output 2016 [...]”*, dando a entender que a estimación se fixo co **MIOGAL2016**

Polo tanto, non queda claro cal é o Marco Input-Output que se utilizou, e cabe engadir que xa está dispoñible o MIOGAL2018 e MIOGAL2021 na web do IGE, polo que calquera das dúas estaría obsoleta. Por outro lado non se proporcionan as inversións desglosadas por rama, polo que non se garante a reproducibilidade do estudo, o que é unha característica fundamental do método científico. Obviando esta problemática, e aínda facendo un “acto de fe” para crer o dato que proporcionan, na estimación do emprego para a fase inicial do proxecto (na que a inversión é forte) indícase: *“A este respecto en la fase inicial del proyecto, se generan 64 empleos directos en los municipios de Touro y O Pino”....*Dá a sensación de que o emprego “tanxible” está moi alonxado dos grandes números que citan inicialmente.

Non se proporciona ningunha estimación do emprego que existe hoxe en día e se vería afectado, así como a afectación ás cadeas de valor asociadas.

6.- A documentación en exposición pública presenta numerosas partes censuradas debido ao seu suposto carácter “segredo e confidencial. Algúns documentos como o PE05_BIS_INFORME SOLVENCIA ECONÓMICA Y FINANCIERA, que debía conter a descripción do entramado societario tras a empresa promotora do proxecto: (a relación entre Explotaciones Gallegas e Cobre San Rafael, así como a relación con este último de Atalaya Mining PLC, Atalaya Touro (UK) LTD. e Atalaya Riotinto Minera SLU.) está completamente en branco, contendo só os epígrafes do índice.

Esta información é moi relevante para a poboación e para a Administración a fin de coñecer quen é o responsable último de facer fronte a tódolos custos que poida ocasionar calquera accidente e poder así evitar que estes non se cubran por utilizar sociedades interpostas como xa ten sucedido noutros accidentes. Recordemos, por exemplo, que no desastre de Aznalcóllar a mina era explotada por Boliden Apirsa, a filial local da sueca Boliden, que nunca asumíu o groso dos custos de rehabilitación do terreo, porque a pesares que se intentou, nunca se conseguíu levantar o velo societario¹¹, é dicir, responsabilizar á matriz do que fixo a súa filial.

E como o anterior, moita outra información relevante clave está censurada ao longo do proxecto. Polo tanto, a documentación en exposición está ocultando deliberadamente á cidadanía aspectos clave do proxecto, polo que a Administración debe obrigar á empresa promotora a cubrir estas deficiencias deliberadas.

¹¹ <https://elpais.com/clima-y-medio-ambiente/2021-06-14/los-peores-desastres-ecologicos-en-espana-cuanto-costaron-y-cuanto-han-dejado-sin-pagar-los-contaminadores.html>

7.-A lista de bens afectados polo proxecto publicada¹² no DOG do 22 de novembro de 2024 está repleta de erros e omisións e carece dun mínimo de rigor.

Segundo se desprende da documentación presentada o proxecto ocuparía 812 hectáreas, non obstante, tal como aparecen publicadas no texto do anuncio do DOG, a suma ascende a 6.696.486 m² (669,65 Ha), co que semella que faltarían bens por incluír.

Pero o último ben incluído na lista para o Concello de Touro (número 953, ref. cat. 000400300NH54E) aparece no listado coa área en branco, e se se localiza esa referencia na web de Catastro atopamos unha finca de 1.723.670 m² (máis de 172 hectáreas) que se corresponde aproximadamente coa zona da Corta de Bama. Facendo só esa corrección a superficie ascende a 669,65+172,37=842,02 Ha, polo que xa excede as 812 anunciadas.

Outros bens, alomenos 49 dos incluídos na listaxe para o Concello de Touro, presentan un escasísima superficie que se se consulta a súa referencia catastral na web do Catastro pode comprobarse que teñen unha superficie 1000 veces maior: 1.120 m² en vez de 1,12 m² (ref.cat.: 15086A30000629), 6.520m² en vez de 6,52m² (ref.cat: 15086A50200265) etc....

Feitas esas correccións a superficie afectada ascendería a 9.147.025m², é dicir 914,7 Ha.

Durante as comprobacións anteriores, e sen realizar unha búsqueda exhaustiva, atopáronse referencias castastrais, que segundo a web Catastro, non se corresponden con ningún ben¹³, a súa superficie habería que detraela do cómputo total....ou cambiala polas fincas correctas se é que se trata dun erro.

- Polo tanto pode estar ocultándose **á cidadanía as verdadeiras dimensións do proxecto que se achegaría as 1000 hectáreas.**
- Doutra banda , esa listaxe chea de erros e omisións **constitúe unha falta de respecto á veciñanza á que pretenden expropriar.**

Polo tanto, a Administración debe instar á empresa promotora á depuración e corrección da listaxe de bens afectados, e a corrección da superficie afectada

8.- De levarse a cabo o proxecto, implicaría mover todas as empresas que actualmente están nesas cortas mineiras, excepto Explotaciones Gallegas. A nova ubicación desas empresas, así como a correspondente autorización ambiental debe incluírse na tramitación deste Proxecto porque é un dos seus impactos

Na documentación presentada indícase:

“Por otro lado en cuanto a las mercantiles TYRMA, CVAN Y ESTRUCTURAS Y MONTAJES, se trasladarán al parque empresarial de Touro.”

“Por otro lado, en lo que a EXPLOTACIONES GALLEGAS se refiere, no será necesario su traslado, al quedar sus instalaciones fuera de la huella del Proyecto “

“El cambio más significativo es el que afecta a las instalaciones de TEN[...], Cobre San Rafael SL propone buscar una nueva ubicación para esta industria en una zona que se considere idónea”

Polo tanto no caso de TEN nin siquiera está deteminado a donde se desprazará, simplemente se indican certas restriccións como a distancia aos núcleos de poboación. Situar a TEN nun emprazamento novo require unha nova autorización ambiental integrada, é unha empresa que

¹² https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241122/AnuncioG0763-151124-0004_gl.html

¹³ Por exemplo o número 180 da listaxe de Touro con ref.cat.: 15086A30000164

históricamente leva provocado enormes molestias á poboación, polo que a veciñanza debe coñecer onde se vai a situar xa que afectará á súa calidade de vida.

Doutra banda TYRMA utiliza actualmente as augas encapsuladas na corta de Vieiro para o lavado de plásticos, se se traslada ao polígono, como se vai xestionar a inxente cantidade de auga que lle permita desenvolver as súas actividades? E cómo as vai depurar?

Polo tanto a nova ubicación destas empresas, coa súa correspondente autorización ambiental (integrada ou ordinaria, segundo corresponda) ha de tramitarse xunto a este proxecto, posto que é unha parte indisoluble do mesmo, é un impacto mais para a poboación, o medio ambiente e os recursos que **debe ser avaliado conxuntamente para analizar os impactos acumulados** que acarrearán conxuntamente a reapertura e ampliación da mina xunto con estas industrias

9.-O proxecto presentado non se adecúa ao indicado cando a Xunta o declarou como PIE

Na nota de prensa¹⁴ emitida polo goberno cando en xuño declarou este proxecto como estratéxico, indicábase a instalación dunha planta solar fotovoltaica para autoconsumo, unha de tratamento de xurros e a posta en marcha dun proxecto piloto E-LIX para producir metais en base ao concentrado.

A pesares de que no documento inicial do proxecto presentado EsIA42_RESUMEN NO TÉCNICO_GALEGO faise referencia ao anterior, ao longo da documentación presentada **non se desenvolve nin a planta solar fotovoltaica, nin a planta de tratamento de xurros, e o “proxecto piloto E LIX”** queda reducido a unha “liña de investigación en programas I+D+I”, que **tampouco se aborda en ningún dos numerosos anexos.** Para comprobalo basta ver no DOC_BIS_ANÁLISIS COMPATIBILIDAD ESTRATÉGICA os elementos e as instalacións que compoñen este proxecto que cínguense só ao proxecto mineiro: o mesmo que se presentou en 2017 e recibiu unha DIA negativa en 2021

10.-No proxecto presentado as sinerxias económicas só se materializan con empresas que comparten donos e grupo empresarial

Na devandita nota de prensa¹⁵ emitida polo goberno cando en xuño declarou este proxecto como estratéxico indicábase que *“se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto Cobre SanRafael de extracción de cobre, rehabilitación de pasivos ambientais e xeración de sinerxias económicas, nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña)”*

A esas **sinerxias económicas** alúdese no documento inicial do proxecto en exposición pública EsIA42_RESUMEN NO TÉCNICO_GALEGO , pero **pódese observar que só atinxen ás empresas do mesmo grupo empresarial (TYRMA,TEN, EXGA): TYRMA reciclará os plásticos do proxecto mineiro, a mineira usará os tecnosoles de TEN e EXGA aproveitará os estéril para áridos.**

Isto evidencia a falta de verdadeiras sinerxias económicas co tecido económico da zona, simplemente o proxecto mineiro favorece (doblemente) aos mesmos donos dos terreos e dereitos mineiros que participan en todas estas empresas.

11.- A documentación presenta numerosos **aspectos con absoluta indefinición, con expresións como “está previsto el posible uso”, “se podría” , “se valora la posibilidad” ...ou a enumeracións de alternativas distintas para resolver un problema sen escoller unha concreta, polo que a poboación non sabe a qué aterse.**

Como exemplos da indefinición do proxecto cítase a continuación algúns:

¹⁴ https://www.xunta.gal/documents/35297/43027/240624+REFERENCIA_ok.pdf?version=1.0

¹⁵ https://www.xunta.gal/documents/35297/43027/240624+REFERENCIA_ok.pdf?version=1.0

11.1.- Non queda claro como se realizará na práctica a segregación PAG/NAG

O tratamento e usos dos estériles en todo o proxecto pivota sobre a correcta discriminación entre materiais PAG e NAG: hai escombreyas separadas, con distintas medidas de control e seguridade, as escorrentías das escombreyas NAG considéranse augas que non precisan depurarse antes de verter etc. Isto significa que unha mala discriminación dos estériles entre PAG e NAG levará a graves problemas de contaminación de solos e augas. **E debido aos problemas para chegar a un criterio fiable e fácil de aplicar na práctica para separar material PAG e NAG (na documentación só se inclúen ensaios de laboratorio), é moi probable que material inicialmente clasificado como NAG sexa realmente unha mestura NAG/PAG e acabe nestas escombreyas.**

No PE37_Anexo 32_REACCIÓN Y CINÉTICA DE OXIDACIÓN indícase *“se ha procedido a la realización de ensayos utilizando muestras de sondeos de diferentes anfíbolitas y paragneis frente a la adición de agua de lluvia a lo largo de año y medio[...] En función de los ensayos realizados, y realizando una correcta caracterización y segregación de los estériles de mina generados, los porcentajes totales de materiales potencialmente generadores de acidez, PAG, es del 52,2%, mientras que los no generadores de acidez, NAG, representa el 47,8%”*

Non obstante esa é a media global que se obtivo, as porcentaxes varían por tipo de rocha anfíbolitas ou paragneis.

“El mejor método para caracterizar geoquímicamente los estériles, es realizar ensayos de cinética y pH de oxidación en operación” ...O cal pode ser válido para mostras en laboratorio pero non se explica como se traslada ás miles de toneladas que cada día se arrancan mediante voadura e deben de ser correctamente clasificadas para transportalas a un ou outro lugar.

Ante esta incertidume, tódolos residuos deberan ser considerados como PAG, xestionando as escorrentías e evitando a súa utilización na construción doutras instalacións, como o muro do depósito 1 de estériles.

11.2.-Non queda claro se na escombreyas PAG se van a usar tecnosoles a modo de capas sandwich entre residuos PAG, indícase que **“esté previsto el posible uso”**.

“A medida que el acopio de material en la instalación progresa, cada 10m de altura, está previsto el posible uso de uha capa de 20cm de tecnosoles que permitirán minimizar la generación de lixiviados ácidos, sobre esta capa se procederá al llenado de la nueva tongada de material PAG. Esta secuencia se repetirá de forma sucesiva hasta la coronación”

(PE01_BIS_MEMORIA PROYECTO DE EXPLOTACIÓN COBRE SAN RAF)

Baséanse en estudos de laboratorio incluídos nos anexos PE38_BIS_Anexo 33_MANEJO SELECTIVO ESTÉRILES DE MINA e PE37_Anexo 32_REACCIÓN Y CINÉTICA DE OXIDACIÓN, da man de Felipe Macías Vázquez. Este, é pai de Felipe Macías García¹⁶, un dos administradores mancomundados do Centro de Valorización Ambiental del Norte S.L¹⁷, xunto con Eva Gómez Portela¹⁸, quen a súa vez tamén é administradora de Explotaciones Gallegas S.L. e Cobre San Rafael S.L, TEN SL etc. Polo tanto cabría dicir que esta investigación científica é a vez “xuíz e parte”, xa que a utilización de tecnosoles en capas sandwich sería unha forma de “dar saída” a produción de tecnosoles de TEN SL.

Cómpre recordar a este respecto, que o documento que regula a súa utilización, ITR/01/08, de 8 de xaneiro de 2008, recolle como un dos usos previstos para os tecnosoles a *“Recuperación de zonas degradadas por distintos motivos, bien sea por la actividad minera o por otras actividades*

¹⁶ <https://librebor.me/borme/persona/macias-garcia-felipe/>

¹⁷ <https://librebor.me/borme/empresa/centro-de-valorizacion-ambiental-del-norte/>

¹⁸ <https://librebor.me/borme/persona/gomez-portela-eva/>

que agoten la fertilidad del suelo”, refrendando o seu uso na restauración superficial de espazos degradados, non na formación deste tipo de escombres.

Polo tanto á falta de claridade e indefinición na expresión de “está previsto el posible uso”, únese que os estudos se desenvolveron só a escala laborarorio, e que son “de parte”, con claros intereses relacionados cos mesmos promotores da mina. Ademais da ausencia de regulación deste uso dentro das normas oficiais.

11.3.-Non queda claro o baleirado/reutilización das augas fortemente contaminadas que se acumulan ate o de agora na corta de Vieiro, ao que eufemisticamente a documentación se refire como “lago Vieiro”

Nunha parte da documentación indícase que “se vaciará el lago Vieiro(0,708Hm3), utilizándose parte de este volumen de agua en el arranque de la PTM” (ANALISIS AMBIENTAL DE VULNERABILIDAD). No DOCUMENTO BIS_SOLICITUD DE PERMISOS DIRIGIDOS A LA ADM, indícase que se realizou o estudo “Caracterización hidroquímica de las antiguas cortas:Vierio, Arinteiro y Bama, cuyo objeto fue:

-Caracterizar las aguas del lago Viero con el fin de depurarlas y utilizarlas en el desarrollo de la futura explotación”

Vanse utilizar ou vanse verter? Qué magnitude tería o vertido? Qué relación ten o baleirado desta corta co punto de vertido de augas industriais depuradas ao regato Pucheiros que actualmente está tramitando Explotaciones Gallegas?

11.4.-Non queda claro de onde vai obter a auga a explotación mineira, nin cal é a cantidade que se precisa.

Na documentación exposta indícase: “Por otro lado, **se valora la posibilidad de aportar agua al Proyecto desde una captación ubicada en el río Lañas. Cabe señalar que la captación de agua desde el río Lañas, o cualquier otro punto del DPH, se haría solo en caso de extrema necesidad, en ningún caso se produciría durante periodos de estiaje y siempre contando con la pertinente autorización por parte del organismo competente”** ((ANALISIS AMBIENTAL DE VULNERABILIDAD)

Noutra parte da documentación indícase:

Dado que el proyecto de explotación de la mina es promovido por Cobre San Rafael SL, es de interés de la promotora realizar el cambio de titularidad de la concesión mantenimiento sus características actuales” (DOCUMENTO BIS_SOLICITUD DE PERMISOS DIRIGIDOS A LA ADM)

Polo tanto se se lle transfiren esas dúas concesións de Explotaciones Gallegas a Cobre San Rafael, o “posible aporte” ao que se refire o documento citado inicialmente, trataríase doutra captación?

Un proxecto destas características debe responder de forma clara á unha cuestión fundamental como é canta auga vai consumir e de onde vai obtela. E non o está facendo.

11.5.- Non queda claro como van abastecer á poboación e as granxas que perderían os mananciais dos que se abastecen no caso de saír adiante o proxecto

A pesar de ter un documento adicado a este tema¹⁹, no que valoran diferentes opcións, entre outras: dende captar auga do Brandelos²⁰, a prolongar a rede que chega actualmente a Cebreiro e trae auga do Tambre, a captala na ETAP que o concello de Touro ten no Lañas, remarcando que sería preciso ampliar a capacidade desa ETAP. No tocante á última solución non se menciona que xa na situación actual, sen mina, a traída do Concello sofre restricións tódolos veráns. Caracterízanse os consumos que segundo o proxecto debería abastecer a traída do Concello:

¹⁹ PE27_Anexo 22_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS

²⁰ obviando que noutros documentos o caracterizan como un río contaminado

e chegan á conclusión de que no novo paradigma, coa mina aberta, sería preciso ampliála (alcánzase un consumo de 9,66l/s máis do dobre do actual de 4,22 l/s) É dicir, o Proxecto desbordará e presionará aínda máis a traída pública do Concello, duplícase a demanda. Nótese ademáis que 4 dos 5 items mencionados na caracterización se deben á apertura da mina:

- hai que abastecer ás granxas bovinas (0,57l/s durante todo o ano) e a poboación de redes privadas (4,22 l/s e 5,8 l/s en xullo e agosto) porque a mina elimina os seus mananciais.
- o consumo do polígono está condicionado en gran medida porque é preciso desprazar alí ás empresas como TYRMA, CVAN e Estruturas y Montajes (ver punto 8 destas alegacións) que agora están nas cortas mineiras da mina dos 70-80. E aínda faltaría o consumo de TEN 8(5 l/s e 2,5l/s en xullo e agosto)
- por último a inclusión nesta caracterización dos consumos dos traballadores da mina (0,47 l/s durante todo o ano) afonda na falta de rigor na caracterización da auga necesaria para levar adiante o Proxecto que xa se abordou no punto 11.4 destas alegacións. Por que se é un consumo derivado da mina non o abastecen coas “súas” captacións?

Polo tanto, ante esta indefinición, debe requirirse á empresa que se xustifique tódolos consumos de auga precisos para o desenvolvemento de cada unha das actividades (auga de proceso, auga sanitaria..), así como outros consumos que habería que abastecer debido á implantación da súa actividade (consumo humano e granxas debido a perda de mananciais, empresas que se trasladan ao polígono e que son desprazadas no consumo das actuais captacións de Explotaciones Gallegas...). Deben caracterizarse asimesmo tódolos volumes de auga achegados segundo a súa procedencia (chuvia, auga subterránea, auga existente en cortas e auga aportada polos ríos)

Por todo o exposto, **SOLICITO**

- **Que se dean por presentadas estas ALEGACIONES** ao acordo do 2024-11-14 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.
- **Que se resolva a inadmisión do proxecto**, porque xa se ditou unha resolución de impacto ambiental desfavorable para un proxecto substantivamente análogo ao agora presentado. (alegación 1). **En caso de admitir o proxecto, que se dicte unha declaración de impacto ambiental desfavorable á vista dos impactos que se debullaron nas alegacións anteriores**
- Que se **me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo** anteriormente indicado, a fin de poder exercer os dereitos recollidos na Ley 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública (art.53), e na lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental (art. 37).

Ena.....de.....de 202